ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

# PÁXINA WEB DA AGASP

## Guía do usuario

http://agasp.xunta.es

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

# PÁXINA WEB DA AGASP

## Guía do usuario

**http://agasp.xunta.es**

Este novo espazo web que che ofrecemos pretende convertirse nunha verdadeira **ferramenta** e canle informativa poñendo a túa disposición **novos servizos telemáticos**. Cun deseño máis áxil e funcional, permite acceder á información de maneira cómoda, rápida e de fácil uso.

# ...ÍNDICE

Nesta guía atoparás:


- Para que serve unha conta de usuario ....................3
- Como crear unha conta de usuario. ....................10
- Como buscar unha actividade formativa....................15
- Como facer a solicitude de inscrición nun curso. ....................18
- Como facer a solicitude de baixa nun curso. ....................22
- Como atopar documentación didáctica dun curso. ....................24

# Para que serve unha conta de usuario

Crear unha **conta de usuario** é obrigatorio para poder solicitar unha actividade formativa na AGASP pero ademais permitirache acceder ao chamado ***"O meu espazo"*** que ten as seguintes vantaxes:

- Poderás acceder aos avisos que che deixaremos (admisión a un curso, comezo dunha actividade, avisos dos profesores, notas de exames...



- Poderás configurar os avisos que desexes recibir no teu espazo da web da Academia, no teu correo electrónico ou no teléfono móbil.


Configuración Avisos

| Tipo de avisos | Medio de comunicación | | |
|---|---|---|---|
| Inicio curso | WEB | EMAIL | |
| Listaxe da selección do alumnado | WEB | EMAIL | SMS |
| Penalización | WEB | EMAIL | |

Volver Gardar

- Poderás acceder as túas actividades, coñecer os cursos que realizaches noutros anos, coñecer se estás admitido/a, de reserva ou excluído/a, facer enquisas, darte de baixa nunha actividade e ver a ficha informativa de cada curso.


Mis actividades

Perfil

Os meus avisos
As miñas actividades
As miñas penalizacións
Os meus datos
Documentación
Fala coa AGASP
Aula Virtual

| Actividade formativa | Modalidade | Concello | Comezo | Estado | Enquisa | Baixa | +info |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CURSO PROBA | Presencial e en liña | Estrada, A | 02/12/11 | Admitido | | | |
| SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO | Presencial | Santiago de Compostela | 23/12/11 | Reserva | | | |

- Poderás acceder á ficha informativa de cada curso premendo en

  Poderás acceder ao programa, documentación didáctica, documentación complementaria asociada ao curso, etc.



- Poderás coñecer se estás penalizado por non asistir a algunha actividade formativa.




- Poderás acceder aos teus datos persoais e profesionais, cambiar o contrasinal e enviar un currículo se queres ser profesor nesta Academia.

  A partir de agora non terás que cargar os teus datos persoais cada vez que solicites unha actividade formativa.



Cambiar contrasinal

¿Quere ser profesor?

**Datos do solicitante**

Login * mmos
Tipo identificación NIF
Nº identificación* 32805214S
Nome* NOME
Apelido 1* APELIDO1
Apelido 2 APELIDO2
Data de nacemento* 08/03/1965
Sexo* Home
Foto
Examinar...
Subir

**Enderezo particular**

Enderezo* GRAN VÍA
Localidade SANTIAGO DE COMPOSTELA
Código postal* 15703
Provincia* Coruña, A
Concello* Santiago de Compostela
Teléfono
Teléfono móbil 639000000
Fax
Email* probadecorreo@xunta.es
Idioma* Galego

**Datos profesionais**

Categoría* Corpo da Garda Civil
Cargo
Teléfono
Extensión
Email

Centro de traballo COMANDANCIA DA GARDA CI
Centro de traballo
Provincia Lugo
Concello Corcubión
Localidade
Enderezo Praza de Bretaña
Código postal 27002

- Poderás acceder a numeroso material didáctico, normativa, instrucións, certificados…



- Poderás enviarnos parabéns, queixas, reclamacións ou suxestións.



# Como crear unha conta de usuario

Preme en “crear nova conta” da páxina principal da Academia
[http://agasp.xunta.es](http://agasp.xunta.es)






**Nueva cuenta**

**Datos do solicitante**

- Login *
- Password *
- Confirmar password *
- Tipo identificación * NIF
- Nº identificación *
- Nome *
- Apelido 1 *
- Apelido 2
- Data de nacemento *
- Sexo *
- Foto
- Examinar...
- Subir

**Enderezo particular**

- Enderezo *
- Localidade
- Código postal *
- Provincia *
- Concello *
- Teléfono
- Teléfono móbil
- Fax
- Email *
- Idioma * Galego
- Categoría
- Centro de traballo
- Outros centros de traballo

Limpar Gardar

- Debes cubrir os teus datos persoais e profesionais. Recorda que os campos marcados con * son obrigatorios pero recomendámosche que cubras todos os posibles.
- **Login:** é o nome corto polo que se che recoñecerá na web.
- **Password:** clave ou contraseña de acceso a ***"O meu espazo"***.
- **Confirmar password:** como medida de seguridade deberás repetir a mesma clave ou contraseña.
- **Tipo identificación:** indica NIF, DNI ou pasaporte segundo corresponda.
- **Nº identificación:** NIF do usuario con letra maiúscula e sen deixar espazos.
- **Categoría:** deberás elexir a categoría profesional a que pertences de entre as opcións que che ofrece o despregable.
- **Centro de traballo:** Se eres Policía Local, Garda Civil, Bombeiro ou membro dunha asociación de Protección Civil deberás elexir o teu centro de traballo no campo correspondente:

  
  

  Noutro caso, preme en *"Outros centros de traballo"* e indícao.

- **IMPORTANTE:** é imprescindible ter unha conta de correo persoal. As contas de correo non se poderán repetir polo que, non poderás darnos a conta xeral dunha agrupación ou institución.
- Para finalizar, preme en *"Gardar".*

Agora debes ir ao teu correo electrónico e confirmar a túa alta na plataforma pinchando o enlace que aparece na mensaxe.

A confirmación da Alta é imprescindible para finalizar o proceso de alta e poder acceder a túa conta de usuario (o meu espazo).


AGASP - Activación Usuario Web Recibidos x

agasp-pre@xunta.es

para usuario

Estimada/o Sra./Sr.:

Para activar o seu usuario web pulse no seguinte enlace http://agasp-pre.xunt
37567352555862546257677538734a545448507748316b434c3366303d

Un saúdo

Academia Galega de Seguridade Pública
Avda. da Cultura s/n
36680 A Estrada (Pontevedra)

# ... Acceso ao portal web

Unha vez rexistrado, poderás acceder ao portal web co teu usuario e contrasinal.

Se non te lembras do teu usuario ou contrasinal, podes solicitar un novo contrasinal premendo sobre a opción correspondente da portada inicial "solicitar un novo contrasinal".

## ... Solicitar un novo contrasinal




Cubre o teu enderezo de correo electrónico e a continuación chegarache un e-mail a túa conta de correo cun novo contrasinal.



Lembra que poderás cambiar directamente o contrasinal no apartado *“Os meus datos”* de *“O meu espazo”.*



# Como buscar unha actividade formativa

1. Consulta a páxina principal da Academia [http://agasp.xunta.es](http://agasp.xunta.es)

2. Preme en *“Formación”.*



*No buscador de cursos, engadirás os criterios que consideres para buscar un curso concreto. Se non engades ningún ao darlle a buscar, aparecerá o listado total dos cursos da Academia.*

3. Nesta páxina poderás facer buscas con multitude de filtros: título do curso, modalidade (presencial, online), lugar de celebración, categoría profesional, períodos abertos de inscrición, etc.

Comentamos algúns exemplos:

- Ano: filtra os cursos do ano que lle indiques.
- Código: Se coñeces o código do curso indícao (recorda que ten 6 díxitos).
- Nome: escribe algunha palabra que conteña a denominación do curso.
- Categorías: Tamén poderás filtrar os cursos por categorías profesionais despregando o listado e elixindo unha delas.
- Data de inscrición. Poderás facer un listado cos cursos que teñan o período de inscrición aberto entre unhas datas determinadas.
- Data de comezo. Poderás facer un listado cos cursos que comecen a partir dunha data determinada.




4. Por último, preme en *"Buscar".*

5. Finalmente, aparece unha listaxe cos cursos seleccionados.

Ten en conta que cantos máis criterios poñas, a listaxe de cursos será máis próxima ás túas preferencias pero tamén sairanche un número de cursos menor.

# Como facer a inscrición nun curso

Realizar a solicitude non implica que dispoñas do curso de forma inmediata, deberás esperar a recibir unha confirmación por correo electrónico, SMS e no teu espazo web.

Para realizar a solicitude, deberás seguir os seguintes pasos:

- Unha vez localizado o curso que che interesa preme en *"Inscrición"*. Aquí poden pasar tres cousas:

    1. **Que non teñas conta creada na Web da AGASP.** Deberás crear unha conta de usuario tal e como che indicamos na páxina 6 desta guía. Buscar novamente o curso que che interese e seguir o paso 2 e 3.

    2. **Que xa teñas conta de usuario.** Deberás insertar o teu nome de usuario ou login e a túa contrasinal. A continuación preme en *"Enviar"* e a túa solicitude será realizada sen máis trámites.

    3. **Que xa teñas conta de usuario e que insetaras o nome e usuario e contrasinal na túa computadora con anterioridade.** Preme en *"Enviar"* e a túa solicitude será realizada sen máis trámites.

**Nota:** Estar *logueado* significa que nalgún momento insertaches o teu nome de usuario e contrasinal na túa computadora e que esta gardou a información na súa memoria. Saberás que estás logueado cando aparece na pantalla (arriba e á esquerda) o botón 

. Desde aquí poderás saír da túa conta se a computadora que usas é usada por outros usuarios.

Outra forma de saber que estás logueado é a través da páxina principal cando aparece o teu nome de usuario en lugar do botón "iniciar sesión".(observa as diferenzas do botóns)







- Preme en [+] para obter máis información sobre o curso.

Resultados da busca — Limpar — Buscar

| Actividade formativa | Modalidade | Concello | Periodo Inscrición | Comezo | Listaxe | Inscrición | + info |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CURSO PROBA | Presencial e en liña | Estrada, A | 22/11/11 | 02/12/11 | | - | |
| CURSO PROBA | Presencial e en liña | Estrada, A | - | 17/12/11 | | - | |
| CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS TODOTERREO | Presencial | Estrada, A | - | 28/06/10 | - | - | |

## SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO

| | |
|---|---|
| Código | 111001 |
| Data de inscrición | 21/12/2011 - 23/12/2011 |
| Número de edición | 1 |
| Horas lectivas | 0 |
| Prazas | 20 |
| Modalidade | Presencial |
| Cuota | 0,00€ |

| | |
|---|---|
| Lugar | Santiago de Compostela, aula grande da segundo piso |
| Días lectivos | o día 23 de decembro de 2012 |
| Horario | de 16:30 a 20:30 |

Obxectivos

dotar ao persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, o que se refire o artigo 43 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, da formación necesaria para o exercicio da súa función conforme o establecido no artigo 46 desta lei.

Contido

Trataranse diversos temas relacionados cos seguintes apartados: a) Introdución. Conceptos xerais. b) Salvamento e socorrismo acuático. c) Técnicas de extracción de accidentados. Salvamento acuático en espazos naturais. d) Primeiros auxilios. Soporte vital básico. Soporte vital básico pediátrico. Traumatismos. Picaduras e mordeduras. Lesións por axentes externos. e) Proba de avaliación e superación do curso.

Destinatarios

- Corpo da Garda Civil

# ... Estado de solicitudes a cursos

Recoméndase que desde a túa área privada accedas ao epígrafe *“As miñas actividades”* e consultes se consta a túa inscrición.




Se despois de solicitar o curso, este non constara nas túas solicitudes recomendámosche volvas a realizar a operación ou ben ponte en contacto con nós a través dos teléfonos dispoñibles no seguinte enlace:

http://agasp.xunta.es/gl/telefonos-contacto

# Como facer a solicitude de baixa nun curso

1. Preme en “Iniciar Sesión” 


2. Inserta o teu nome de usuario e contrasinal e preme e iniciar sesión.




3. Preme en *“As miñas actividades”.*




4. Preme en *“Baixa”* do curso que non queiras realizar.




5. Inserta o teu contrasinal e preme en *“Enviar”.* Recibirás un correo electrónico coa solicitude.

6. En poucos días a Academia procederá a tramitar a baixa do curso que poderás consultar neste mesmo espazo.

# Como atopar documentación didáctica dun curso

A AGASP poñerá a disposición dos seus usuarios multitude de recursos e materiais didácticos de maneira pública e privada.

## … Documentos públicos

Son documentos públicos aqueles que a AGASP pon a disposición de todos os usuario da internet por ser de intese xeral.

> Exemplo: o programa co desenvolvemento dun curso, unha lexislación relacionada cun curso, etc.

Dentro da ficha de cada curso que atopamos no buscador do apartado de *"Formación"* podes baixar documentación relacionada co curso.


SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO

Documentación

| | |
|---|---|
| Código | 111001 |
| Data de inscrición | 21/12/2011 - 23/12/2011 |
| Número de edición | 1 |
| Horas lectivas | 0 |
| Prazas | 20 |
| Modalidade | Presencial |
| Cuota | 0,00€ |

# … Documentos privados

Son documentos privados aqueles que a AGASP pon a disposición dos usuarios dados de alta na páxina Web da Academia, dos alumnos/as admitidos/as dun curso determinados, dos profesores, dun usuario concreto, etc.

Exemplo: material didáctico que un profesor pon a disposición dos alumnos admitidos e de reserva dun curso.

Exemplo: un documento que a Academia pon a disposición dos profesores dun curso como o listado e alumnos para por as notas de exame.

Exemplo: instruccións de réxime interno que a Academia pon a disposición de todos os alumnos.

Exemplo: un certificado ou xustificante que a Academia pon a disposición dun usuario concreto.

Dentro de *“O meu espazo”* no apartado *“Documentación”.* Aquí atoparás un certificado con todas as actividades realizadas na AGASP e outros documentos de interese.




Ademais dentro de *"O meu espazo"* no apartado *"As miñas actividades"* e a súa vez dentro de cada ficha de curso que teñas asociado atoparás a documentación pública dese curso e a documentación privada.

Preme en  para ver que documentación dispoñible ten o curso.

## As miñas actividades

